



/ O que fixemos... /

Certame de teatro.

Co gallo do 40 aniversario da Asociación Cultural Tanxedoira, celebrouse un certame de teatro os días 12, 13, 19 e 20 do mes de maio, en que actuaron tres agrupacións teatrais coas que mantemos certa relación de amizade. E, ademais, para cerrar o ciclo tamén actuou o grupo de teatro da nosa asociación.

O sábado 12 de maio, inaugurando o certame, actuou o grupo de teatro Xiria coa obra de Carlos Llopi *Nosotros, ellas y el duende*, que é unha comedia en tres actos.

A obra preséntanos unha parella de novos a piques de contraer matrimonio. Pouco antes da data sinalada prodúcese o encontro entre as súas respectivas familias. O pai dela e a nai del, ambos os dous viúvos, namoran e, finalmente, prodúcese un dobre enlace. Esta circunstancia dá lugar a numerosas e divertidas situacións de enredo, das que saíran case sempre invictas as donas.

Un bo decorado deu vida aos personaxes, que, cunha estupenda sintonía entre eles, souberon arrincar risas e aplausos en cada un dos actos en que se dividía a peza.

E debido ao bo momento que nos fixeron pasar, queremos agradecer aos nosos amigos e amigas de Xiria o teren participado neste certame.

A seguir, o domingo 13 de maio, actuou o grupo de teatro do colexio Salesianos, integrado por rapazada con idades comprendidas entre os 11 e os 12 anos, coa obra *A caixa de música*. Conta a historia dunha boneca que sae da súa caixa e percorre unha "república libre e independente", cun sinfín de enredos, até que consegue encontrar as súas amigas.

O bo facer destes novos actores e atrices, alén da posta en escena, fixeron que o numeroso público estivera atento ao desenvolvemento da obra. Ao

rematar a actuación, o elenco foi premiado con numerosos aplausos.

Vai desde aquí tamén o noso máis sincero agradecemento a este grupo de teatro infantil pola súa participación e colaboración desinteresada neste evento.

Continuando coas representacións, o sábado 19 de maio foi a quenda para o grupo ES3HA2, pertencente ao colectivo de Melandrainas Teatro (Arteixo). Esta agrupación está formada por xoves entre os 15 e os 18 anos, que nos ofreceron a obra *O sono dunha xoaniña*, resultado da adaptación do conto de Rebeca Dautremer *A tartaruga xigante de Galápagos*. Este conto é unha divertida alegoría que presenta un tempo de entroido en que a xoaniña quere disfrazar de tartaruga, para o que lle pide axuda a todos os animais que encontra no seu camiño.

Cunha magnífica posta en escena, souberon alegrar e divertir o público asistente.

Tamén queremos dar as grazas a Melandrainas pola súa disposición e participación.



Nutrido grupo de actrices e actores participantes na zarzuela.

E para clausurar este certame de teatro, o domingo día 20 de maio foi o momento do grupo de teatro Tanxedoira, que representou a zarzuela *Agua, azucarillos y aguardiente*, cuxo libreto foi escrito por Miguel Ramos Carrión, ao que lle puxo música o mestre Federico Chueca. Estamos, pois, ante unha peza cume dentro do género chico, ambientada no Paseo de Recoletos de Madrid de finais do s. XIX.

Ademais, contamos coa colaboración do Coro Tanxedoira e do grupo de baile da escola de danza Carmen.

A posta en escena, o lucido do vestuario, a estupenda interpretación (tanto do coro, coma do grupo de baile e os actores e actrices)... todo! Todo unido (e todos unidos) fixo que o numeroso público asistente aplaudira cada interpretación e se puxese de pé a aplaudir ao final da obra, chegando a vitorear "bravo!".

Eu, como director, non me resta máis que dar a todos e a todas a miña noraboa e emplazar a todo o mundo para as futuras actuacións que xa nos están a solicitar.

E, máis unha vez, grazas a todas as persoas que fixeron posíbel, tanto na súa participación como na súa organización, este certame de teatro co que celebramos o 40 aniversario de Tanxedoira

Jesús García.

Actuación teatro Hogueras de San Juan.

Convidados pola Asociación Hogueras de San Juan, como xa vén sendo habitual nos últimos anos, o grupo de teatro participou nos eventos que a devandita entidade organiza para festexar o solsticio de verán.

Así, os membros e compoñentes do noso grupo de teatro, presentáronse no salón de actos do Centro Social da Sagrada Familia o día 17 de maio, día das Letras Galegas.



A representación da zarzuela trouxo alegría o ambiente.

E a ocasión era moi especial, posto que representaban a zarzuela Agua, azucarillos y aguardiente, de Federico Chueca. E para dotar dunha maior vistosidade a obra, o grupo de teatro contou coa colaboración do Grupo de Danza Carmen e cos integrantes do coro.

Como non podía ser doutro xeito, tal estrea contou coa presenza dun numeroso público que case completaba o aforo. Os aplausos e risas foron tamén abundantes e cómpre resaltar os comentarios e críticas alabando a representación teatral, que, días despois, tamén sería protagonista no Certame de Teatro de Tanxedoira co que se conmemoraban os corenta anos da entidade.

Foi tal o éxito que viviu o grupo de teatro, que estamos agardando a poder volver velos en acción próximamente. Estade atentos e atentas e non verdades a seguinte función: paga a pena!

Roberto López.

Festival fin de curso.

40 anos! Si, corenta anos leva Tanxedoira impartindo coñecementos de maneira altruísta a un incontable número de asociadxs, moitos dxs cales, posteriormente, continuaron con esa traxectoria de transmitir o aprendido a novos demandantes de coñecementos. E así foi como, aos poucos, chegouse até os nosos días, e que mellor reflexo de tal traballo que as actuacións que se realizan con motivo do Festival de Fin de Curso, en que se mostran as habilidades e coñecementos adquiridos.

O día 26 de maio foi o día elixido para facer esa demostración por parte de diferentes colectivos e, para iso, fíxose uso do teatro do Centro Cívico dos Mallos, lugar ao que acudiu un gran número de espectadorxs para gozar das actuacións programadas.

Por aquel escenario pasaron xs aficionadxs ás pandeiretas, mostrando a compenetración do grupo, para logo deixar paso a xs enamoradxs do acordeón, que ofreceron belas cancións. E que dicir do coro? Do mesmo xeito que sempre, as súas voces foron capaces de lograr a atención dos presentes, para deixar paso axs alumnxs de guitarra, cuxo amplo abano de idades chama poderosamente a atención, do mesmo xeito que ocorre co coro ou a rondalla. A festa estaba no seu ecuador e as novas presentadoras continuaban con adorable soltura guiando xs asistentxs por aquela tarde de celebración.

Seguía a mostra do aprendido, e non podía faltar o noso grupo de teatro que, cun estrato da obra "Agua, azucarillos y aguardiente", fixo sorrir o público. Seguidamente, o máis importante ao meu xuízo, o recoñecemento xeral e público axs monitorxs, que recibiron un obsequio como agradecemento polo seu labor, deixando paso

seguidamente ás bailarinas, que mostraron as súas habilidades con ritmos quentes. E para pechar o Festival, gozouse da música coa que obsequiou a rondalla.



Algúnxs dxs monitorxs que fan posible que o milagre continúe.

Pasados outros corenta anos, algunhas das persoas presentes lembrarán os momentos especiais vividos con Tanxedoira, confiando que nese tempo vindeiro a Asociación calase con maior profundidade na sociedade 📄

José Luis Ponte.

Comida 40º aniversario.

Un nutrido grupo de socios e socias, familiares e simpatizantes tomamos asento no restaurante Boavista, na Coruña, o día 2 de xuño, para desfrutar da comida do corenta aniversario da Asociación.



A festa, do mesmo xeito que as mesas, foi redonda.

Uns entrantes que nos foron animando, para a continuación combinar, dependendo da elección, uns arroz con langostinos (opción maioritaria entre os comensais), e outros meixelas de porco en salsa.

E, para rematar a degustación culinaria, unha saborosa sobremesa (non si, Reina Madre?). Todo isto, ademais, estaba regado cun bo Albariño e cun Rioja crianza, que se deixaban beber. Ben, tamén había auga e refrescos para os máis peques, que desfrutaron da súa propia mesa.

Logo do café e licores (para os maiores, eh?), comezou a animación. Saíron a relucir as guitarras, como non podía ser doutro xeito, e todos e todas colaboraron e animaron para que os cánticos se osen con forza en todo o local.

Estabámolo a pasar tan ben que a hora de retirada fíxesenos prematura en demasía, mais tamén hai que ter consideración e pensar naquelas persoas que teñen que traballar e preparar o local para outras celebracións para o resto do día (e da noite).

O importante é que quedamos con gañas e moi animados para outros eventos semellantes. Ben, o dos próximos corenta anos pode que algún nos colla un pouco lonxe, mais ben seguro que algunhas persoas que estaban nesta celebración si que podrán disfrutala. Aínda así, abofé que encontraremos outros motivos para celebrar. E se non, fabricámoslos nós, para poder desfrutar e compartir, coma sempre, co espírito de confraternización, amizade, leticia e saber estar que nos caracteriza a todos os membros de Tanxedoira. Moitas grazas a todos e a todas por facerme desfrutar un rato tan agradable.

Un saúdo 📄

Manuel Riestra.

Cantos no xeriátrico Ballesol.



A suma de comprometidxs fixo posible os cantos.


O pasado día 9 de xuño o Coro Tanxedoira actuou cos seus “cantos de taberna” na residencia Ballesol, dun xeito desinteresado, como é habitual.

E fíxoo diante dun numeroso e participativo público, que, en todo momento, acompañou os integrantes do coro nas súas cancións. Sempre é moi grato, aínda que sexa só durabte un pedazo, o ver as caras de alegría das persoas que alí residen

Luis López.

ExpoTanxe 2018.

A semana do 11 ao 15 de xuño tivo lugar no local social da Asociación a xa habitual exposición de actividades.



Traballos dignos de recoñecemento.

Este ano foron as alumnas das actividades de bolillos e labores as encargadas de deixar o nome de Tanxedoira ben alto. E abofé que o lograron! As diferentes pezas que exhibiron deixaron marabilladas a todas aquelas persoas que se achegaron polo local para desfrutar da exposición. Cada curso supéranse. Parece mentira o que son quen de facer cunha miga de enxeño e un bocado de práctica.

A verdade é que xa estamos desexando ver o que nos mostrarán o ano que vén

Tanxedoira.

Festival XL Aniversario.

E por fin chegou o ansiado día, o día do colofón final dos actos do corenta aniversario. Chegou O

FESTIVAL, así, en maiúsculas. O día elixido foi o 16 de xuño e o lugar, para estar á altura das circunstancias, o Ágora. E, por suposto, un cartel cheo de actuacións variadas, tanto de dentro de casa coma de convidados de fóra. Puidemos desfrutar da Coral de Atios e da Rondalla Nova Xeración de Barbadás, que viñeron desde Porriño e Ourense respectivamente, e que nos deleitaron coa súa música e as súas voces. A maiores, tamén nos acompañaron a banda de gaitas Os Rueuriños de Nós, que bailaron e tocaron con gaitas e pandeiretas diversas obras do noso folclore, facendo as delicias de todo o público. De casa tivemos a Germán Cortés, socio se honra e un dos fundadores, que nos deleitou cun poema cantado en que nos contou toda a historia de Tanxedoira desde os seus inicios. Tamén tivemos un pequeno grupo en representación da actividade de teatro, que nos presentan a escena dos barquilleiros da zarzuela “Agua, azucarillos y aguardiente”. Por suposto, non podían faltar nin o coro nin a rondalla da Asociación, quen, dirixidos polo seu director David Loureiro, deixaron encantadas a todas as persoas asistentes. A maiores de todo isto, tivemos un pequeno discurso por parte da actual presidenta Leticia Riestra, é dicir, a mesma que subscribe estas palabras (eu mesma), onde se procurou dar as grazas en nome de toda a directiva polo gran ano vivido. Alén disto, tamén tivemos a sorte de asistir á estrea mundial en primicia do documental dos corenta anos de historia de Tanxedoira, en que se intercalaron fotos e vídeos tanto do presente coma do pasado, xunto con preguntas a diferentes socios e socias e ex-socios e ex-socias da Asociación. Ademais, cómpre destacar o formato das presentacións de cada actuación, onde diferentes parellas (polo xeral nais e fillas, como un reflexo do presente e o futuro, a tradición e a modernidade) fixeron o tránsito entre os diferentes grupos dunha maneira orixinal e amena. E por se isto non fose dabondo, para rematar, e como non podía ser doutro xeito, fomos para o local de Cáritas (quen tan amabelmente nos cederon os seus locais para os eventos deste ano) para convidar a todas as agrupacións participantes a uns petiscos e que non marcharan para casa co estómago baleiro. E, por suposto, foi algo que se alongou moito no tempo. En suma, foi un evento cargado de bos momentos que nos deixou cun gran sabor se boca por todo o vivido durante o ano, onde, á fin, pagou a pena o

esforzo realizado para que todo saíse adiante. So me resta dar as grazas desde a Directiva a todas aquelas persoas que permitiron que isto se acadase con éxito, así como a todos os asistentes e as agrupacións amigas. E, como non, aos socios e socias: sen vós esta Asociación non sería posíbel!👉

Leticia Riestra.

Sardiñada.

O pasado 22 de xuño celebrouse a tradicional sardiñada de Tanxedoira. Este ano ubicouse novamente na praza anexa ao noso local, onde se deron cita diversos amigos e amigas de Tanxedoira.



A grella e os cocifeiros non paraban.

Despois de finalizar a Asemblea, e grazas a Manolo, Luis e Moncho, que prepararon as sardiñas, o churrasco e o polo para os grandes e o máis pequenos, demos boa conta dun exquisito manjar, mistura de mar e terra, como a mistura que conforma a diversidade de persoas que formamos a familia Tanxedoira. Unha vez rematado, mentres os máis pequenos xogaban pola praza, os maiores estaban arredor das mesas (por non haber lareira) a contar contos. Só faltou, dado que eran horas “elevadas”, facer algún dos cantos tradicionais tan típicos das nosas festas. Outra vez será. Tan só me resta desexarvos a todos e a todas un bo verán e que carguedes as pilas para o vindeiro curso.

FESTAAAA👉

Jorge López.

Primeiras comunións na parroquia.

Cando chegan estas datas, sempre convidan o Coro Tanxedoira para participar nas misas que se celebran na parroquia da Resurrección do Señor, do Barrio das Flores, onde se celebran as primeiras comunións comunitarias.



Voces limpas para corazóns brancos.

Cada domingo as misas son iguais. Nós somos os mesmos e cantamos as mesmas cancións, mais os que cambian son os nenos e nenas que son os que reciben por primeira vez o sacramento da comunión. Xunto aos seus familiares, amigos e amigas véselles inquietos e nerviosos, agardando ese momento para o que se estiveron a preparar durante un ou dous anos.

O Coro está situado dentro da igrexa, de tal modo que podemos vivir toda a cerimonia desde unha posición privilexiada. Vémolos moi ben a todos eles, os protagonistas: guapos alegres e expectantes, que xunto co resto de asistentes, participan na cerimonia cos cantos e coa “coreografía” á que nos convida a tomar parte unha entusiasta catequista.

Si, é verdade que son domingos moi especiais e por iso gústame compartilos xunto aos meus compañeiros e compañeiras👉

Rosa Delia Moreno.

Misceláneas.

Pasou o día, pasou a romaría.

Rematou un ano de alegría, de celebración e de festa. Mais tamén un ano de duro traballo, esforzo e

(por que non dicilo!) de loucura. E é normal, posto que non todos os días se cumpren corenta anos. E cando se trata dunha asociación (verdadeiramente) sen ánimo de lucro, os motivos para festexar este tipo de efemérides é todavía maior.

Mais é tamén nestas celebracións onde se descubren as persoas que viven Tanxedoira como unha parte importante da súa vida, como un membro máis da propia familia. Xente que colabora, que participa e que mostra preocupación e interese para que todo saia ben. Persoas que descolgan o celular para preguntar se fai falla axuda ou ben esas outras que sempre atenden cunha afirmación cando se lles invita a colaborar.

Germán Cortés (un dos socios fundadores e socio de honra), por exemplo, é unha verdadeira mostra de todo isto. Sorprendeunos a todos coa súa participación no Festival Aniversario, celebrado o 16 de xuño no Ágora, ao recitar un verdadeiro "poema épico" da súa propia autoría, onde narra a historia enteira de Tanxedoira desde a súa fundación até a actualidade. Un verdadeiro socio de honra e unha honra que sexa socio da nosa Asociación!

Eu, pola miña banda, só teño palabras de agradecemento: por un lado, á Xunta Directiva, por facer o esforzo tan grande (tanto a nivel económico como loxístico) para organizar tantos eventos en tan pouco tempo, por conseguir a colaboración doutras entidades amigas e por coordinar a tantas persoas para que todo saíse á perfección. E todo isto sen esquecer o día a día da Asociación; por outro lado, aos membros dos grupos artísticos (teatro, rondalla e coro) pola súa dedicación e esforzo, mais, sobre todo, por levar con dignidade e orgullo o nome de Tanxedoira alá por onde van!

Porén, como ocorre despois de cada festa, toca recoller a louza, facer unha boa limpeza e volver ao día a día. Volvemos retomar as actividades e con elas a "normalidade" de Tanxedoira. Mais estou convencido de que a todos e todas voltaremos coas mesmas gañas e ilusión coas que vivimos todo este curso que xa pasou, aínda que agardo que con menos abafos...

David Loureiro.

Aqueles maravillosos anos!



19/11/1989 A rondalla no Centro Civico do Castrillón

/ A destacar.../

Axenda

17 de setembro.

INICIO ACTIVIDADES.- É aconsellable confirmar o comezo de cada actividade, por se existe algunha excepcionalidade.

27 de setembro.

CANTOS POPULARES.- O coro fará o seu repertorio de Cantos populares, respondendo ao chamamento do Centro Cívico de Elviña. Plaza Esteban Lareo Castro s/n. Hora: 19:00.

29 de setembro.

EXCURSIÓN CULTURAL.-

- Padrón.
- Poio.
- Combarro.
- A Lanzada..

Prezos: Asociados: adultos 10 €, menores de 12 anos 8 €. Non asociados: 12 €.

Os prezos non inclúen a comida nin as entradas para visitar os museos e instalacións que, sendo accesíbeis, cobren por iso. Existirá listaxe de inscrición no local social. Prazas limitadas.

📅 6 de outubro.

COMIDA INICIO DE CURSO.- Os asistentes colaborarán achegando as súas especialidades culinarias para ser degustadas polos participantes. Para facilitar a variedade no menú, os asistentes haberán de inscribirse na listaxe que, para ese efecto, acharase no taboleiro de anuncios, indicando as viandas que chegarán. Lugar local social. Hora 14:00.

📅 8 de outubro.

COBRO DE CUOTA ANUAL. Pasarase ao cobro a cuota anual da Asociación.

📅 12 de novembro.

CONCURSO POSTAL DO NADAL.- Ábrese o prazo para presentarse ao concurso de postais de Nadal, o cal establece dúas categorías: Adultos, para maiores de 14 anos e, Infantil, para menores de 14 anos. Data límite para a presentación de traballos o 13 de decembro. **MOSTRA A TÚA ALMA DE ARTISTA!**

📅 24 de novembro.

ACTUACIÓN DO CORO EN OURENSE.- Pendente de confirmar os datos do evento. Comunicaranse polas canles habituais.

Excursión cultural.

Acompáñanos na nosa excursión cultural que terá lugar o próximo 29 de setembro. Ademais, se o tempo permíteo, poderás bañarche na praia da Lazada.

/ Non perdas.../

Cotas anuais a o cobro.

O próximo 8 de outubro pasarase ao cobro as cotas anuais, agradecendo que se atendan puntualmente as mesmas para evitar devolucións bancarias, e con iso eliminar gastos innecesarios para unha economía tan limitada como a de Tanxedoira.

Concurso Postal do Nadal.

Anímache a participar no noso, xa clásico, concurso de Nadal. Goza creando postais e tentando gañar o premio. Máis información no apartado Axenda.